

COMPOSICIÓN HISTÓRICA

Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a Primeira República española. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender, cando menos, aos diferentes modelos de República existentes, á evolución do goberno republicano e ás circunstancias e factores que marcaron o seu fin.

Doc. 1. Constitución federal [proxecto] (1873):

“Art. 1. Compoñen a nación española todos os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, Baleares, Canarias, Castela a Nova, Castela a Vella, Cataluña, Cuba, Estremadura, Galicia, Murcia, Navarra, Porto Rico, Valencia, Rexións Vascongadas. Os Estados poderán conservar as actuais provincias ou modificalas segundo as súas necesidades (...).

Art. 39. A forma de goberno da nación española é a República federal (...).

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns e exércese en representación súa polos organismos políticos da república constituída por medio do sufraxio universal (...).”

Doc. 2. Primeira proclama do Cantón de Cartaxena (12 de xullo de 1873):

“A Xunta revolucionaria ao pobo.

Cartaxeneros: Os que pola vontade da maioría do pobo republicano desta localidade constituímos a Xunta de Saúde Pública da mesma, temos o deber imprescindible de facer unha declaración categórica das nosas miras, dos nosos principios e dos intereses que defendemos e que tratamos de resgardar para ben da República e para salvación da patria.

Proclamada como forma de goberno para España a República Federal, o pobo, republicano na súa inmensa maioría, reclamaba (...) que se organizase a Federación, establecendo inmediatamente a división rexional dos cantóns e dando a estes (...) a autonomía suspirada fai tanto tempo (...). Pero o pobo, ansiosísimo destas reformas (...), vía amenazada a República dun golpe de morte e non vía no goberno nin na Cámara Constituínte unha predisposición para a inmediata execución destas reformas (...).

Viva a República federal! Viva a soberanía do pobo!”

Doc. 3. Diario de Sesións do Congreso dos Deputados (3 de xaneiro de 1874):

“Sr. Calvo: A Garda Civil entra no edificio preguntando aos porteiros o camiño [do hemiciclo] e dicindo que se desaloxe o edificio por orde do capitán xeneral de Madrid (...).

Sr. Presidente: Rogo aos Sres. Deputados que ocupen os seus asentos. Non temos máis remedio que ceder ante a forza, pero ocupando cada quen o seu posto. Veñen aquí e desalóxannos. Acordan os Sres. Deputados que debemos resistir? Deixámonos matar nos nosos asentos?

Varios Sres. Deputados: Si, si, todos.

Sr. Castelar: Sr. Presidente, eu estou no meu posto e ningún me arrincará del. Eu declaro que me quedo aquí e aquí morrerei.

Un Sr. Deputado: Xa entra a forza armada neste salón.

Varios Sres. Deputados: Que escándalo! (...).

Sr. Presidente: Que vergoña!

Varios Sres. Deputados: Soldados, viva a República federal! Viva a Asemblea soberana!

(Óense algúns disparos, quedando rematada a sesión no acto. Eran as sete e media da mañá”).